

2^o parcial. 2^a avaliación


2º PARCIAL

7 e 8. A Restauración (retorno da monarquía e Constitución de 1876, vida política da Restauración. Quenda, Caciquismo e fraude electoral).

- Recordade que este ano os temas 7 e 8 quedan englobados nun solo tema titulado A RESTAURACIÓN.
- As composicións 7 e 8: A Restauración A vida política da Restauración refúndense nunha única composición denominada A Restauración.
- Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado explicará as bases do sistema da Restauración ou sistema canovista (a súa xénese conservadora, monarquía constitucional doutrinaria, o “turnismo” ou quenda pacífica de partidos) e a Constitución de 1876 nos seus trazos fundamentais (soberanía compartida Coroa/Cortes, papel esencial da monarquía no nomeamento dos gobernos...). Tamén deberá facer referencia á consolidación do sistema canovista a través da configuración da “quenda pacífica” e ao funcionamento dun modelo político marcadamente oligárquico e fraudulento

- A **Restauración** da monarquía borbónica foi produto dun profundo traballo preparatorio levado a cabo durante o Sexenio Democrático liderado por Antonio Cánovas del Castillo (Conservador e moderado).
- Cánovas **aproveita coxuntura internacional** da “paz armada” dos sistemas bismarckianos → proclive ás solucións moderadas.
- **“Paz e orde”** resumen o seu programa → estes **principios atraen ás clases altas**, temerosas de novos episodios como o do Sexenio.
- O plan de Cánovas **contou co apoio económico das élites económicas de Ultramar**, interesadas no mantemento da escravitude (Cuba).

Cánovas del Castillo



TEXTO 1.

Creo (...) que a forma máis perfecta de Estado, agora e sempre, (...) é a forma monárquica. Non digo que sexa a única; poderán organizarse doutra forma as sociedades humanas, non o nego; (...) pero creo que o instrumento máis grande do seu progreso, do seu desenvolvemento histórico é a monarquía hereditaria. (...)

Se queredes conservar a liberdade como eu quero que se conserve, preciso é que salvedes tamén a relixión e a monarquía. A liberdade, a relixión, a monarquía, preciso é estar cego para non velo, son os tres grandes e fundamentais sentimentos de que está posuída a nación española.

Antonio CÁNOVAS DEL CASTILLO. Discurso [no Congreso]. 8-3-1869 [castelán]

- No **Manifiesto de Sandhurst** → redactado por Cánovas e asinado por Alfonso XII, recóllense as ideas básicas do proxecto restaurador:
 - 1) Carácter aberto e integrador da **monarquía constitucional**.
 - 2) Necesidade de que a **tradición católica** fose compatible coa liberdade.
 - 3) **Superación** das dúas **constituicións precedentes** (1845 conservadora e 1869 democrática).
- **Como se implanta** o sistema? → O **Pronunciamento** xeneral **Martínez Campos** en 1874.
- Este pronunciamento foi mal visto por Cánovas, porque quería asignar ó exército un papel subordinado ó poder civil e á Constitución.
- Alfonso XII chega a España e nomea a Cánovas como Presidente do goberno.
- Que fai Cánovas? Analiza a estabilidade do modelo político de Gran Bretaña, o cal cree que é a solución para dar estabilidade á política española.

- Manifiesto de Sandhurst (nomada academia de oficiais do exército británico).

Por virtud de la espontánea y solemne abdicación de mi augusta madre, tan generosa como infortunada, soy único representante yo del derecho monárquico en España. Arranca este de una legislación secular, confirmada por todos los precedentes históricos, y está indudablemente unida a las instituciones representativas, que nunca dejaron de funcionar legalmente durante los treinta y cinco años transcurridos desde que comenzó el reinado de mi madre hasta que, niño aún, pisé yo con todos los míos el suelo extranjero.

Huérfana la nación ahora de todo derecho público y privada de sus libertades, natural es que vuelva los ojos a su acostumbrado derecho constitucional y a aquellas libres instituciones que ni en 1812 le impidieron defender su independencia ni acabar en 1840 otra empeñada guerra civil. Debioles además, muchos años de progreso constante, de prosperidad, de crédito y aun de alguna gloria; años que no es fácil borrar del recuerdo cuando tantos son todavía los que los han conocido.

Por todo esto, sin duda, lo único que inspira ya confianza en España es una monarquía hereditaria y representativa, mirándola como irremplazable garantía de sus derechos e intereses desde las clases obreras hasta las más elevadas.

En el entretanto, no solo está hoy por tierra todo lo que en 1868 existía, sino cuanto se ha pretendido

desde entonces crear. Si de hecho se halla abolida la Constitución de 1845, hállese también de hecho abolida la que en 1869 se formó sobre la base inexistente ya de la Monarquía.

Si una Junta de Senadores y Diputados, sin ninguna forma legal constituida, decretó la República, bien pronto fueron disueltas las únicas cortes convocadas con el deliberado intento de plantear aquel régimen por las bayonetas de la guarnición de Madrid. Todas las cuestiones políticas están así pendientes, y aun reservadas, por parte de los actuales gobernantes, a la libre decisión del porvenir.

Afortunadamente la Monarquía hereditaria y constitucional posee en sus principios la necesaria flexibilidad y cuantas condiciones de acierto hacen falta para que todos los problemas que traiga su restablecimiento consigo sean resueltos de conformidad con los votos y la conveniencia de la nación.

Por mi parte, debo al infortunio estar en contacto con los hombres y las cosas de la Europa moderna, y si en ella no alcanza España una posición digna de su historia, y de consuno independiente y simpática, culpa mía no será ni ahora ni nunca. Sea la que quiera mi propia suerte ni dejaré de ser buen español, ni, como todos mis antepasados, buen católico, ni, como hombre del siglo, verdaderamente liberal.

TEXTO 2 .-O Manifesto de Sandhurst presenta en 1874 o programa político da

Restauración:

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ó seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 ímpediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil (...).

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade (...) para que tódolos problemas que traia o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Principes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conducta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando tódolos españois están xa afeitos ós procedementos parlamentarios”.

- Polo tanto, recupera o sistema de **dobre confianza entre o rei e as Cortes** propio do **liberalismo doutrinario**:
 - **Coroa** → Tradición e unidade.
 - **Cortes** → unidade da nación.
- Desta forma, únese a revolución coa conservación, é dicir, “liberdade con orde”.
- **Cánovas defende a monarquía constitucional doutrinaria** e o goberno debía contar cunha dobre confianza: a da Coroa e a das Cortes.
- O **Goberno** debía ser **nomeado pola Coroa** pero para poder desempeñar a súa labor **tiña que contar coa marioría parlamentaria nas Cortes**.
- Polo tanto, se era necesario **utilizábase a manipulación dos resultados electorais a través do fraude e dos caciques**.

- Cánovas baseaba a estabilidade no **bipartidismo**: dous grandes partidos monárquicos (un no goberno e outro na oposición) que se alternan no poder (**turnismo**). Aplícase o modelo inglés en España.
- **Partidos:**
 - **Partido Conservador** → liderado por **Cánovas** e inclúe os antigos moderados e algúns sectores da Unión Liberal.
 - **Partido Liberal** → liderado por **Sagasta** e formado por elementos do centro e a esquerda do liberalismo.
- **Fóra deste sistema** turnista quedan:
 - Republicanos.
 - Carlistas.
 - Movemento Obreiro (socialistas e anarquistas).

- **Outros tres elementos clave para a estabilidade do sistema:**
 - Acabar cos Pronunciamentos, apartando ó exército da vida política → por isto é importante dar estabilidade política co turnismo.
 - Outro pilar clave da estabilidade era devolver á Igrexa o prestixio perdido durante o Sexenio Democrático, principalmente no campo da educación.
 - Os partidos realizan avances a través dun pacto: o transaccionismo «No hay posibilidades de gobierno sin transacciones justas, lícitas, honradas e inteligentes» Evita la identificación del poder político con “extremos” (considerando dous extremos, por exemplo, o Carlismo vs Republicanismo).
- Para levar a cabo todo o proxecto, no **1876** (dous anos despois do pronunciamento de Martínez Campos), **Cánovas convoca eleccións constituíntes**.
- Resultado → maioría do **Partido conservador** que aproba a **constitución de 1876 (a máis lonxeva da historia de España)**.

- Esta **Constitución de 1876**:
 - Foi un **híbrido** entre a **doutrinaria de 1845** (cuestións fundamentais no funcionamento do Estado) e a **democrática de 1869** (dereitos).
 - **Establece réxime oligárquico** → monarquía constitucional doutrinaria conservadora.
 - **Soberanía rei-Cortes**.
 - **Coroa goza de prerrogativas** como nomear libremente ó Presidente, sancionar e promulgar leis, dereito de veto, mando supremo das Forzas Armadas.
 - Consecuencia → o rei goberna, ten peso político. Pero estes poderes debían ser exercidos por ministros que eran responsables ante as Cortes.
 - **Cortes bicamerais**:
 - **Congreso** → membros eleixidos por cidadáns de acordo cunha lei electoral. Polo tanto, a Constitución deixa este punto “aberto” a modificación mediante lei.
 - **Senado** → membros vitalicios por designación do rei. Estes podían ter dereito propio (aristocracia, Igrexa, exército) ou eleixidos polos maiores contribuíntes.
 - Ambas cámaras comparten a iniciativa legal co rei.

- En todo caso, ao non precisarse na Constitución cal é o **dereito de sufraxio**, este dereito **acabou sendo de tipo censitario ou universal masculino en función da lei electoral en vigor**.
- Estas cámaras non reflicten en ningún modo a participación popular.
- **Dereitos e liberdades:**
 - Recollidos de forma xenérica, polo que tamén necesitan leis posteriores que os definan ben.
 - Isto permite un tratamento máis restritivo, é dicir, as leis poden “seleccionar” máis que dereitos e liberdades se conceden.
- **Catolicismo de Estado**, aínda que se recoñece liberdade de conciencia e de culto no ámbito privado.
- En conclusión, a Constitución de 1876 destaca pola súa flexibilidade. Esta falta de concreción explica a súa duración.

TEXTO .3.-Constitución de 1876:

“Don Alfonso XII, pola gracia de Deus, rei constitucional de España; a tódolos que as presentes viren e entenderen sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...).”

- **Modelo de Estado** → **Unitario e Centralista** que leva a abolición dos foros vascos (1876).
- **Consencuencia** → as provincias vascas foron sometidas ao sistema común de recrutamento de homes para o exército.
- En todo caso, o **gobierno suscribiu con estas provincias os concertos económicos** ou fixación dun cupo económico para a recadación de impostos que realizarían e xestionarían as autoridades locais.

Parte II → **Tema 8. A vida política da Restauración** (recordade que os temas 7 e 8 constitúen un tema: A RESTAURACIÓN)

- Tres etapas:
 - 1) **Reinado de Alfonso XII (1875-1885)**.
 - 2) **Rexencia de M^a Cristina DE HABSBURGO (1885- 1902)**.
 - 3) **Reinado constitucional de Alfonso XIII (1902-1923)**. (ata o 1930 coa Ditadura de Primo de Rivera).

Dinámica do turnismo (sistema de quenda):

- Acordo mutuo entre partidos para turnarse no poder, o que evita recurrir ós Pronunciamentos (as forzas que quedan fóra do sistema perden forza).
- Cando o partido de goberno entra e crise → rei chama ó líder do partido da oposición para que forme goberno.
- Para que este novo goberno poda ter respaldo das Cortes (necesario constitucionalmente) → rei dissolve Cortes e convócanse eleccións co fin de que o resultado fora favorable á situación.
- O goberno, polo tanto, non é froito dunha marioría real, senón dun acordo entre partidos hexemónicos coa aprobación do rei.
- Isto explica a necesidade de procedementos continuos de fraude electoral e falseamento dos procesos electorais.

- O **sistema** funcionaba dende “**arriba cara abaixo**”, é dicir, na cúspide atopábanse as **minorías políticas dirixentes**: senadores, deputados, ministros, etc.
- Estes **dirixentes estaban conectados a nivel social** (mesma orixe social, relacións persoais e familiares) **cos grupos dominantes a nivel local** (donos de negocios, fábricas, terratenentes).
- **Todos eles**, en conxunto, forman unha **oligarquía dirixente** entre os que se escollían ós candidatos.
- **Nun status intermedio atópase o gobernador civil** que, baixo orden do ministerio da gobernación, **colabora na elaboración do encasillado** (lista co nome do futuro parlamentario en cada “casilla” do mapa electoral).
- Deste modo, **distribúense ós candidatos dos partidos gobernantes nas circunscricións**.

- **Como triunfa o plan electoral (fraude)?** Os **gobernadores civís** daban instrucións ós **alcaldes**, nomeados por eles, e coa **axuda dos caciques locais e a Garda Civil**, controlan aos electores para que voten o candidato designado previamente. (Cacique: personaxe que goza de grande influencia a nivel local e comarcal, sobre todo no rural).
- **Se este proceso non era suficiente** para asegurar o resultado, calquera método era válido para conseguir os fins:
 - Alteración de actas.
 - Inclusión de persoas inexistentes no censo (**resurrección de mortos**).
 - Fasicifación de personalidade.
 - Falsificación masiva de votos → **Puccheirazo** (sustitución total dos votos depositados no pucheiro ou urna electoral por outros amañados).

- Estes altos cargos (**gobernadores e caciques**) tamén concedían favores a cambio de apoio político.
- O **pobo sentíase parte do sistema** a través do cobro de favores, a compra de votos ou a fidelidade ao patrón.
- **Estes feitos e dinámicas explican que perdure tanto tempo.** Aínda reinstaurado o sufraxio universal masculino cos liberais no poder, as dinámicas perduraron.
- En última instancia, **o goberno** dispoñía no Congreso de maioría nas comisións que **daban validez ás actas electoriais**, polo que podían anular as que lle eran desfavorables.
- O **Rexeneracionismo e os grupos fóra do sistema de quenda** van criticar esta corrupción sistémica nas eleccións.
- Con isto, **aumenta paulatinamente a conflictividade social e política**, ata que co **desastre de 1898** (perda de Cuba), **desencadea o inicio dunha grave crise na rexencia de María Cristina de Habsburgo.**

TEXTO 1.-Gobernos da quenda pacífica, 1875-1902:

1875-1881	Cánovas, Martínez Campos
1881-1884	Sagasta, Posada Herrera
1884-1885	Cánovas
1885-1890	Sagasta
1890-1892	Cánovas
1892-1895	Sagasta
1895-1897	Cánovas
1897-1899	Sagasta
1899-1901	Silvela, Azcárraga
1901-1902	Sagasta

TEXTO.2.-Benito Pérez Galdós critica o caciquismo en Política española (antoloxía de

artigos), 1884:

“Consecuencia de todo iso é o caciquismo, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos (...). O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo que gozan os máis pobres do lugar; seus son o carteiro, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen, ao facer o reparto da contribución, carga a man ao adversario, alixeirando ao amigo (...). Verdade é que o tiranoda aldea, que tan grandes servizos presta ao deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias (...)”.

TEXTO.3.-Valentí Almirall, republicano federal, denuncia o fraude electoral (1880):

“Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consuma as eleccións (...), dende o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid (...). Nada hai que sexa sagrado: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia”.

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre os fundamentos políticos da Restauración borbónica e o funcionamento real do sistema. Concibida como unha monarquía parlamentaria (Doc. 1) que se plasma na Constitución de 1876 (Doc. 2), a súa dinámica política estivo non obstante marcada pola manipulación da quenda pacífica entre os dous grandes partidos dinásticos (Doc. 3), o protagonismo do caciquismo (Doc. 4) e o recurso sistemático á fraude electoral (Doc. 5). Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes apoiarte nelas ao elaborar a túa redacción.

*Proba de Acceso á Universidade (Universidades Públicas de Galicia), opción 1 de setembro de 2003.

DOC. 1. O PROGRAMA POLÍTICO DA RESTAURACIÓN.

Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ao seu habitual dereito constitucional e á aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil [...].

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe non seus principios a necesaria flexibilidade [...] para que todos os problemas que traía o seu restablecemento consigo sexan resolto de conformidade cos votos e coa conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei esquecela eu na miña condición presente, e cando todos os españois están xa afeitos aos procedementos parlamentarios.

Manifesto de Sandhurst, 1874

DOC. 2. CONSTITUCIÓN DE 1876.

Don Afonso XII, pola graza de Deus, rei constitucional de España; a todos os que as presentes viren e entenderen, sabe: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española [...]:

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros [...].

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados [...].

Art. 50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei [...].

DOC. 3. SÁTIRA DO TURNISMO.



Cánovas e Sagasta alternáanse como cocineiro e cliente, pero España sempre frega os pratos.

DOC. 4. CRÍTICA AO CACIQUISMO NA POLÍTICA ESPAÑOLA.

Consecuencia de todo iso é o caciquismo, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos [...]. O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo dos que gozan os máis pobres do lugar; seus son o carteiro-peón, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ao facer a repartición da contribución carga a man ao adversario, alixeirando ao amigo [...]. Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servizos presta ao deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias [...].

Benito Pérez Galdós, 1894

DOC. 5. DENUNCIA DA FRAUDE ELECTORAL.

Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas as clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consoma as eleccións [...], desde o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid [...]. Nada hai que sexa sagrado: listaxes electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia.

Valentí Almirall, republicano federal, 1880

TEXTO 4.

Creo (...) que a forma máis perfecta de Estado, agora e sempre, (...) é a forma monárquica. Non digo que sexa a única; poderán organizarse doutra forma as sociedades humanas, non o nego; (...) pero creo que o instrumento máis grande do seu progreso, do seu desenvolvemento histórico é a monarquía hereditaria. (...)

Se queredes conservar a liberdade como eu quero que se conserve, preciso é que salvedes tamén a relixión e a monarquía. A liberdade, a relixión, a monarquía, preciso é estar cego para non velo, son os tres grandes e fundamentais sentimentos de que está posuída a nación española.

Antonio CÁNOVAS DEL CASTILLO. Discurso [no Congreso]. 8-3-1869 [castelán]

TEXTO 5 .-O Manifesto de Sandhurst presenta en 1874 o programa político da Restauración:

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ó seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 ímpediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil (...).

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade (...) para que tódolos problemas que traia o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Principes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conducta non hei esquecer eu na miña condición presente, e cando tódolos españois están xa afeitos ós procedementos parlamentarios”.

TEXTO .6.-Constitución de 1876:

“Don Alfonso XII, pola gracia de Deus, rei constitucional de España; a tódolos que as presentes viren e entenderen sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...).”

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre os fundamentos políticos da Restauración borbónica e o funcionamento real do sistema. Concibida como unha monarquía parlamentaria (Doc. 1) que se plasma na Constitución de 1876 (Doc. 2), a súa dinámica política estivo non obstante marcada pola manipulación da quenda pacífica entre os dous grandes partidos dinásticos (Doc. 3), o protagonismo do caciquismo (Doc. 4) e o recurso sistemático á fraude electoral (Doc. 5). Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes apoiarte nelas ao elaborar a túa redacción.

*Proba de Acceso á Universidade (Universidades Públicas de Galicia), opción 1 de setembro de 2003.

DOC. 1. O PROGRAMA POLÍTICO DA RESTAURACIÓN.

Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ao seu habitual dereito constitucional e á aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil [...].

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe non seus principios a necesaria flexibilidade [...] para que todos os problemas que traía o seu restablecemento consigo sexan resolto de conformidade cos votos e coa conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei esquecela eu na miña condición presente, e cando todos os españois están xa afeitos aos procedementos parlamentarios.

Manifesto de Sandhurst, 1874

DOC. 2. CONSTITUCIÓN DE 1876.

Don Afonso XII, pola graza de Deus, rei constitucional de España; a todos os que as presentes viren e entenderen, sabe: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española [...]:

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros [...].

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados [...].

Art. 50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei [...].

DOC. 3. SÁTIRA DO TURNISMO.



Cánovas e Sagasta alternáanse como cocineiro e cliente, pero España sempre frega os pratos.

DOC. 4. CRÍTICA AO CACIQUISMO NA POLÍTICA ESPAÑOLA.

Consecuencia de todo iso é o caciquismo, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos [...]. O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo dos que gozan os máis pobres do lugar; seus son o carteiro-peón, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ao facer a repartición da contribución carga a man ao adversario, alixeirando ao amigo [...]. Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servizos presta ao deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias [...].

Benito Pérez Galdós, 1894

DOC. 5. DENUNCIA DA FRAUDE ELECTORAL.

Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas as clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consoma as eleccións [...], desde o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid [...]. Nada hai que sexa sagrado: listaxes electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia.

Valentí Almirall, republicano federal, 1880

LA RESTAURACIÓN



CONSTITUCIONES ESPAÑOLAS (1812-1978)

CONSTITUCION	1812 Guerra de la Independencia	1834 Regencia	1837 Regencia	1845 Isabel II	1856 Isabel II	1869 Sexenio	1873 I República	1876 Restauración	1931 II República	1978 Transición Democrática
VIGENCIA	1812-14, 1820-23, 1836-37		1837-45	1845-68	No promulgada	1869-74	No promulgada	1876-1923	1931-36	1978-hoy
SOBERANIA	Nacional	Monarca	Nacional	Rey-Cortes	Nacional	Nacional	Popular	Rey-Cortes	Popular	Nacional
DERECHOS	Libertad, Propiedad, libertad de imprenta	No existe	Igualdad, Seguridad, Propiedad, Libertad: expresión, reunión, asociación	Igual que en 1837 pero será regulada por leyes posteriores	Libertad de prensa	Declaración de derechos naturales, absolutos e ilegislables	Igual que en 1869 pero más democrática	Igual que en 1869 pero serán regulados por leyes posteriores	Igual que en 1869. Tribunal de Garantías (derecho de amparo)	Derechos civiles, políticos, sociales, económicos y culturales.
RELIGION	Confesional		Reconoce su práctica en España	Confesional	Tolerancia religiosa	Libertad de cultos	Libertad de cultos	Confesional. Tolerancia religiosa.	No confesional	No confesional
SUFRAGIO	Indirecto	Censitario 0,15%	Censitario 2,2%	Censitario 4,3%	Censitario	Universal masculino 24-27%	Universal	Mixto (Caciques 5%- 27%)	Universal	Universal
PARLAMENTO	UNICAMERAL: CORTES	BICAMERAL: - Próceres - Procuradores	BICAMERAL: - Congreso - Senado (semielectivo)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (designación real)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (electivo)	BICAMERAL: - Congreso (directo) - Senado (indirecto)	BICAMERAL: - Congreso - Senado (federal)	BICAMERAL: - Congreso (electivo) - Senado (designación real y sufragio censitario)	UNICAMERAL: CORTES	BICAMERAL: - Congreso - Senado
DIVISION DE PODERES	Si	No	Si	No	Si	Si	Si Poder federal y relacional	No	Si	Si
FORMA DE GOBIERNO	Monarquía		Monarquía	Monarquía	Monarquía	Monarquía constitucional	República Federal	Monarquía	República de trabajadores de todas clases.	Monarquía constitucional
CARACTER Y OTROS DATOS	Liberalismo frente al Antiguo Régimen Crea: . Milicia Nacional . Instrucción Pública LIBERAL	ESTATUTO REAL Reglamento de convocatoria de Cortes CARTA OTORGADA	Liberal Consolida el régimen constitucional. Corona papel moderador. LIBERAL	Moderada Suprime: . Milicia Nacional . Juicio por jurados OLIGÁRQUICA	Progresista Crea: . Milicia Nacional . Juicio por jurados Supremacía del Congreso sobre el Senado LIBERAL PROGRESISTA	Liberalismo radical Monarquía y democracia. Juicio pro jurados. Obra de la burguesía revolucionaria. DEMOCRÁTICA	Republicana federal REPUBLICANA DEMOCRÁTICA	Burguesía de negocios Turno pacífico de los dos partidos dinásticos Régimen de las dos confianzas OLIGÁRQUICA	Repúblicanos y socialistas. Estado integral compatible con Autonomías. Hace posible la expropiación y la nacionalización . REPUBLICANA DEMOCRÁTICA	Consenso de partidos democráticos. Estado de las Autonomías. Tribunal constitucional, Defensor del Pueblo DEMOCRÁTICA

LA RESTAURACION (1874-1902)

Artífice

Antonio Cánovas es el artífice de la vuelta de Alfonso XII a España y el que redactó el manifiesto de Sandhurst.

Manifiesto de Sandhurst

Manifiesto de carácter político firmado el 1 de diciembre de 1874 por el entonces príncipe Alfonso de Borbón (futuro rey Alfonso XII de España), mientras se encontraba en el exilio. En el documento mostraba su disposición para convertirse en rey y partidario de una monarquía parlamentaria.

Características

Bipartidismo entre los conservadores, liderados por Cánovas, y los liberales, liderados por Sagasta, cuya alternancia estaba previamente pactada.
La nueva Constitución de 1876, es la base del sistema

Antonio Gómez Jiménez

9. A cuestión nacional no último terzo do século XIX

- No último terzo do século XIX → en Europa e España desenvólvense os nacionalismos e rexionalismos.
- Son movementos que se opoñen á política centralizadora da Restauración.
- Xurdiron sobre todo nos territorios periféricos con elementos culturais diferenciados:
 - País Vasco.
 - Cataluña
 - Galicia.

1. Cataluña

- Na orixe do nacionalismo catalán convivía un dobre sentimento colectivo (español e catalán), non exento de conflitos.
- Reivindicación da cultura e lingua catalana surxida na década de 1830 → **Renaixença** → Movemento literario e cultural que impulsa o proceso de recuperación de lingua e cultura propias.
- O paso do catalanismo cultural ó político tivo lugar no último terzo do século XIX.
- Durante a **I República o federalismo** converteuse na base dunha opción política do catalanismo, pero o fracaso desta opción postergou a eclosión nacionalista.
- Durante a **Restauración e o sistema canovista** (de carácter uniformizador) provocou unha reacción baseada nunha dualidade ideolóxica:
 - **a) Corrente conservadora:**
 - De carácter católica, tradicionalista e burguesa que tivo o seu principal ideólogo en Prat de la Riba.
 - Esta corrente contou con grande apoio social a principios do século XX.
 - Defenden que Cataluña é unha nación, pero defende a súa integridade dentro do Estado español (por vencellamentos históricos e convivencia secular co resto de pobos de España).

- **b) Republicanismo federal catalán:**
 - Reclama a soberanía para Cataluña.
 - Valentí Amiralí é o principal defensor.
 - **Rovira i Virgili** defendeu a creación dun Estado catalán baseado e consolidado mediante a democracia, as liberdades cidadás, o reformismo social, o laicismo e o republicanismo.
- O **sector conservador impúxose** a finais do século XIX.
- As **bases de Manresa (1892)** → establécese un proxecto autonomista, non independentista, moderado e que intentaba entroncar coas leis ou liberdades perdidas en 1714.
- En **1901 creouse a Lliga Regionalista**, primeiro gran partido do nacionalismo catalán.

2. Galeguismo

- Experimentou unha **lenta evolución na segunda metade do século XIX**. Nunha primeira etapa a Xeración de 1846 (destaca **Antolín Faraldo**), denuncia os problemas de Galicia.
- O provincialismo alentaría a progresiva toma de conciencia das particularidades e necesidades (El **provincialismo** fue un movimiento político que surgió en **Galicia** (España) alrededor de 1840 y constituyó uno de los primeros antecedentes del galleguismo y del nacionalismo **gallego**. Su objetivo era la recuperación de **Galicia** como una única **provincia** que mantuviera la unidad administrativa, social, cultural y económica).
- Ese impulso viuse reforzado en 1860 polo **Rexurdimento**.

- **Rexurdimento** → **movemento cultural** protagonizado por **Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Pondal, Añón** (entre outros) que aspiraba á revitalización do **galego como lingua literaria e non só oral**.
- **Historiadores como Benito Vicetto e Manuela Murguía** publican cadansúa **Historia de Galicia** → **subministran argumentos ao nacente galeguismo** xustificando o dereito a dispoñer dunha organización política propia baseándose en:
 - Costumes comúns.
 - Lingua común.
 - Pasado común → vencellamento de Galicia á raza celta (celtismo).
- A partir de 1880 xurde o **rexionalismo** → defensor de autonomía política.
 - **Corrente liberal (maioritaria)** → **Manuel Murguía** herdeiro do provincialismo → defende reformas económicas, sociais e autogoberno.
 - **Corrente conservadora ou tradicionalista** → **Alfredo Brañas**, defensora da descentralización administrativa, recuperando a vella orde social e a autoridade moral da Igrexa. A súa concepción do rexionalismo incluía institucións políticas rexionais que significaban a volta ó corporativismo gremial.
- Ambas correntes confluíron na **Asociación Rexionalista Galega**, cuxa actividade foi perdendo forza debido ás tensións entre os dous grupos.
- O grupo **liberal finalmente fundou a Liga Gallega** → vincula o liberalismo democrático co galeguismo progresista. Promove numerosas iniciativas culturais como a fundación da **Real Academia Galega (1906)**.

3. Caso Vasco

- Evolución marcada por **dous feitos**:
 - Político → **abolición dos foros (1876)**.
 - **Económico** → **Industrialización**.
- A abolición dos Foros (1876) → desencadea protestas que deriban na aprobación por parte de Cánovas dos **Concertos Económicos** → recoñece a autonomía fiscal das Provincias Vascas.
- Na cuestión da rápida **Industrialización** → dende 1880, provoca un forte fluxo de emigración dende outras partes do Estado, o que transformou a sociedade vasca tradicional.
- Neste contexto **xorde un pensamento nacionalista fortemente independentista e belicoso**, encabezado por **Sabino Arana**:
 - Ideario identifica etnia e cultura tradicionais como elementos vertebradores do territorio que denominou Euskadi.
 - Desenvolve un discurso crítico cara a Industrialización que experimenta o País Vasco que atrae a traballadores de fóra, aos que despectivamente denomina “maquetos”.
 - Estes maquetos provocan unha perda de identidade xa que representan a desvasquización e o españolismo, ateísmo e liberalismo.

- O seu discurso tiña tintes racistas e xenófobos (reivindica a raza).
- En **1895 funda o PNV (Partido Nacionalista Vasco)** → de carácter conservador e ultracatólico co que se presenta ás eleccións, conseguindo ser deputado (foise moderando e achegando aos postulados do catalanismo burgués da Lliga).
- Á súa morte o seu lugar no PNV foi ocupado por Ángel Zabala, que consolidou a organización do partido.

Doc 1.

Non temos unha soa cidade populosa, porque se negou todo elemento de riqueza ás nosas poboacións durante tres séculos; sobre os nosos campos pesaron sempre tanto e tan duramente os impostos, que pode dicirse que pronto habemos de velos desertos. A emigración non é xa un mal pasaxeiro, senón unha necesidade (...). Lugares enteiros venden as súas terras, se poden; se non, pechan as casas, entregan as chaves ao crego, e inician o seu camiño. Só lles falta queimar os ósos dos seus pais para que a despedida sexa como para sempre (...). Mentres tanto, para deputados e ministros é un gran problema a cuestión militar, mentres se desangra e morre esquecido un país que representa a oitava parte da poboación de España. Tales son os resultados da centralización.

Manuel MARTÍNEZ MURGUÍA. O rexionalismo galego. Lixeiras observacións ao discurso lido por don Antonio Sánchez Moguel na súa recepción na Real Academia da Historia. 1889 [castelán]

Doc 2.

Toda Cataluña formará unha soa rexión autónoma dentro da nación española, tanto se esta está constituída por varias rexións como se, exceptuada Cataluña, segue o réxime unitario o resto da nación e calquera que sexa a forma de goberno que teña, mentres se garantise á rexión os seus dereitos. Na Constitución nacional constarán os extremos da autonomía rexional de Cataluña e non poderán ser alterados, se non é co consentimento de ambas as partes. Cataluña contribuirá aos gastos xerais da nación coa parte que lle corresponda, sen que o goberno central poida intervir no modo de recadalos. Igualmente achegará o seu continxente ao exército no caso de guerra, pero unha vez estea fixado pola nación, a rexión é libre de adoptar a forma de reunilo. En tempo de paz, a forza pública que se fixe no convenio servirá só na rexión e será destinada a soste a orde pública, as leis, a seguridade dos cidadáns e a dar guarnición nas prazas fortes, costas e fronteiras. A rexión terá poder lexislativo, executivo e xudicial (...). Cando se trate de puntos que afecten ao mesmo tempo a Cataluña e ao resto de España ou do estranxeiro, rexerán as leis xerais da nación en cuanto non se opoñan á autonomía de Cataluña. A administración pública dentro da rexión será, en todo os ramos, servida por cataláns (...). A lingua catalá será oficial en toda a rexión.

CENTRO CATALÁN. Programa. 28-4-1890 [catalán]

Doc 3.

O nacionalismo vasco aspira a purificar e vigorizar a raza, a depurar e difundir o éuscaro ata conseguir que sexa a única lingua de Euskadi e a purificar o espírito e esclarecer a tradición do pobo vasco (...). Como norma do seu modo de obrar e proceder (...) axustarase aos preceptos da pura moral católica (...). O Partido Nacionalista Vasco quere a restauración completa en Araba, Guipúscoa, Navarra, Biscaia, Laburdi e Zuberoa, das súas antigas leis fundamentais e o restablecemento das súas Xuntas xenerais ou Cortes lexisladoras e de todos os organismos de goberno e administración daquelas derivados. E pide, e traballará ata conseguilo, que esas Xuntas ou Cortes e organismos funcionen de novo, investidos dos mesmos dereitos, poderes e facultades que lles asistiron nas épocas da súa vida plena. Como consecuencia de isto pretende, especialmente, a derogación polo que respecta a Araba, Guipúscoa, Navarra e Biscaia, da Lei de 25 de outubro de 1839, e en canto a Laburdi e Zuberoa, das emanadas dos poderes da revolución francesa de 1789, e, en xeral de todas cantas outras leis e disposicións foran ditadas polos gobernos de Madrid e París que en algún modo impidan, diminúan ou coarten o libre funcionamento daquelas Xuntas ou Cortes (...). Aspira, por tanto, o nacionalismo Vasco, na orde política a retrotraer a situación política de Euskadi ao que era un feito nos tempos anteriores ás datas en que esas disposicións atentatorias contra a súa constitución política foron promulgadas.

PARTIDO NACIONALISTA VASCO. Manifiesto. 15-12-1906 [castelán]

10. A reforma agraria liberal: as Desamortizacións

- No Antigo Réxime diversas normas, leis e prácticas cotiás condicionaban e limitaban a produción agrícola e a propiedade da terra.
- Sobre a terra existía unha propiedade compartida na cal:
 - O dereito eminente era ostentado polos **titulares dos dominios (os señores: nobreza e clero)**
 - O dereito de uso era exercido polo campesiñado → carece de dominio pleno da terra (titularidade), polo que pagaba un canon ou renda aos señores.
- O **patrimonio nobiliario** estaba protexido pola figura xurídica do **morgado**, mentres que a **Igrexa** posuía os bens denominados **mans mortas** (doazóns que persoas falecidas entregaban á Igrexa) que non podían ser comprados nin alleados (Transferir por doazón, legado, venda ou cesión [unha propiedade, un dereito, un ben etc.] a outra persoa.).
 - Nobreza → morgado (mayorazgo en castelán).
 - Igrexa → mans mortas (doazóns)

- A **burguesía liberal consideraba imprescindible realizar unha reforma agraria** para liberalizar estas terras.
- Así, as terras converteríanse nunha mercadoría que se puidera comprar e vender e introducir criterios de eficiencia económica e capitalismo agrario.
- A medida máis importante desta reforma agraria afectaba ao concepto da propiedade da terra herdado do Antigo Réxime foi a **desamortización**.
- **Que é a desamortización? É un proceso de confiscación de bens e terras pertencentes ao clero ou os bens propios pertencentes aos concellos coa intención de poñelas en venta en poxa pública.**
- Desta forma, aumentan os ingresos do Estado co fin de solventar os problemas do endebedamento público deste.

AÑOS	GOBERNANTES	MARCO CONSTITUCIONAL	ACONTECIMIENTOS
1.834 – 1.840	REGENCIA DE MARÍA CRISTINA , MADRE DE ISABEL II, POR MINORÍA DE EDAD DE ESTA.	ESTATUTO REAL CONSTITUCIÓN DE 1.837 , BASADA EN LA DE 1.812	PRIMERA GUERRA CARLISTA. DIVISION PROVINCIAL. DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL ←
1.840 – 1.843	REGENCIA DEL GENERAL ESPARTERO , CON LOS LIBERALES PROGRESISTAS .	CONSTITUCIÓN DE 1.837 . ESPARTERO GOBIERNA DICTATORIALMENTE	GOBIERNO DURO FRENTE A MODERADOS Y LEVANTAMIENTOS POPULARES (BARCELONA) ←
1.844 – 1.854 (DÉCADA MODERADA)	MAYORÍA DE ISABEL II. NARVÁEZ OCUPA EL PODER CON LOS LIBERALES MODERADOS (CONSERVADORES)	CONSTITUCIÓN DE 1.845 MODERADA: MÁS PODER A LA REINA Y GOBIERNO, MENOS AL PARLAMENTO	CONCORDATO CÓDIGO CIVIL Y PENAL CENTRALISMO CORRUPCIÓN.
1.854 – 1.856 (BIENIO PROGRESISTA)	PRONUNCIAMIENTO DE O'DONNELL . PODER PARA LIBERALES PROGRESISTAS CONSPIRACIONES DE ISABEL II.	CONSTITUCIÓN DE 1.856 PROGRESISTA. NO LLEGA A APLICARSE. "NON NATA"	AMPLIACIÓN DE LIBERTADES. 2ª DESAMORTIZACIÓN. ← LEY DE FERROCARRILES TENSIONES CON IGLESIA.
1.856 – 1.868	O'DONNELL GOBIERNA CON LA UNIÓN LIBERAL . (GOBIERNO LARGO). SUCEDEN LOS MODERADOS .	SE RESTITUYE LA CONSTITUCIÓN DE 1.845	POLÍTICA CONSERVADORA EXPEDICIONES MILITARES PUCHERAZOS REPRESIÓN CONTRA PROGRESISTAS Y DEMÓCRATAS

- A **primeira desamortización** → **Godoy (1798)** debido ás dificultades facendísticas provocadas polas constantes guerras contra Inglaterra.
- Estas medidas afectaron aos bens dos xesuítas, casas de beneficencia e obras pías.
- Durante a **revolución liberal as Cortes de Cádiz** promulgaron **diversas desamortizacións** polo que o Estado poñía en venda os bens de:
 - Afrancesados.
 - Ordes Militares
 - Mosteiros de menos de 12 membros.
 - parte das terras da Coroa.
- A volta de Fernando VII e do absolutismo supuxo a paralización de devolución dos bens desamortizados.
- O breve periodo do Trienio Liberal volveu a activar o proceso desamortizador, pero volveu ser paralizado polo absolutismo posterior (década ominosa).

- Máis adiante, a facenda do Estado continuaba en crise:
 - Necesidade de financiar a Primeira Guerra Carlista (rexencia de M^a Cristina de Borbón).
 - Ampliar a base de apoios ao liberalismo e á causa isabelina (construcción do Estado Liberal).
 - Desmantelar o poder económico da Igrexa
- Todos estes elementos desembocaron no **1836** na **desamortización eclesiástica de Mendizabal** → afecta ó clero regular (El término clérigos regulares (clerici regulares) designa a los sacerdotes católicos (clérigos) que son miembros de una orden religiosa regular (viven de acuerdo con una regla o regula y hacen votos solemnes).
- Esta medida veu precedida dun decreto sobre a supresión dos mosteiros en 1835.

- No **1841** levouse a cabo a **desamortización de Espartero** sobre os bens do **clero secular** (**clero secular** Conjunto de sacerdotes y diáconos de la Iglesia católica que ejercen un ministerio en una diócesis o en una parroquia sin pertenecer a una comunidad de religiosos, bajo las órdenes del obispo).
- Completa a labor da iniciada por Mendizábal → obxectivo fiscal, recadar fondos para Facenda.
- Coa **chegada dos liberais moderados parálizase o proceso desamortizador** sobre a Igrexa e asínase un **concordato coa Santa Sede** en 1851 polo que a Igrexa acata a perda do patrimonio posto en poxa pública. Así se evitaba a inseguridade xurídica nos novos propietarios. A cambio o Estado comprométese a manter o culto e o clero español.

- **En 1855 (bienio progresista) → desamortización de Madoz**
- Remata a desamortización eclesiástica (bens das Ordes Militares) e inicia a desamortización civil.
- Esta desamortización afectaba aos bens de propio (comunales) e terras baldías dos concellos.
- Impacto rural enorme → campesiños sen terras facían uso destas terras comunais para alimentar o gando e a cambio dun pago ó concello.
- A consecuencia → non teñen cartos para poxar polas terras e acaban traballando como xornaleiros para os novos propietarios (nobreza e burguesía).
- Os concellos perden esa fonte de ingresos, polo que empobrecen os seus servizos en aspectos básicos (educación primaria).
- Esta desamortización ampliou a superficie cultivable ao transformar os pastos e montes en terras de cultivo.

- **As desamortizacións supuxeron a desaparición das fórmulas xurídicas do Antigo Réxime**, as cales protexían o patrimonio dos privilexiados.
- **A liberlización do mercado de terras favoreceu á propia nobreza e a burguesía** (únicos capaces de poxar por elas).
- **O problema radica no que fixeron con estas terras**. Limitáronse a acaparar propiedades e beneficiarse das rendas en lugar de dirixilas cara sectores como o industrial (en Europa foi o que se fixo).
- **O cambio da propiedade** das terras (da Igrexia ou mans mortas á nobreza e burguesía) **non supuxo un cambio no campo español** porque esta cambio non estivo acompañado dunha verdadeira modernización da agricultura (sistemas de cultivo).
- **Consecuencia** → **o vello obxectivo dos ilustrados de xerar unha nova clase de propietarios agrícolas máis vencellados co traballo da terra non tivo lugar**. Por que? → porque non tiñan capacidade económica para competir nas poxas.

- A maior parte da **poboación española era campesiñado** sen poder adquisitivo → limita o mercado interior (menos demanda).
- Agravouse a **mala situación deste campesiñado** (carecen de terras cultivables) e **dos ingresos dos concellos**.
- Os **compradores eran xente adañeirada** → incrementou o número de **terratenentes**: as terras cambian de mans pero non de tamaño nin se modernizan.
- Aínda que se obtiveron novas superficies cultivables, o **crecemento da produción foi escaso ata finais do século XIX** → baseada na tríade mediterránea (trigo, vide, oliveira).

- Aínda así, a **agricultura foi un sector clave no século XIX**, pero moito **menos dinámico que noutros países europeos**.
- A **producción non medra debido ó atraso técnico**, chegando a non ser suficiente para cubrir a demanda das poboacións urbanas crecentes.
- **Tampouco foi un motor de arrastre de produtos industriais**, é dicir, a escasa tecnificación e mecanización da agricultura implica que non houbo grande demanda na industria.
- En conclusión, **o estancamento agrícola foi unha das causas básicas do atraso da economía española** durante todo o século XIX.
- **En Galicia**, debido ó mantemento do sistema foral, o que se saca a poxa pública son as rendas forais → provoca que non se altere o sistema agrario tradicional ata o ano **1926 coa Lei de redención de Foros**.

Doc.1.-Desamortización de Mendizábal (1836):

“Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhear a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade (...), crear una copiosa familia de propietarios (...).

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora tódolos bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”.

Doc.2.-Desamortización de Espartero (1841):

“Art. 1. Tódalas propiedades do clero secular (...) son bens nacionais (...).

Art. 3. Decláranse en venda tódalas fincas, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías”.

Doc. 3.-Desamortización de Madoz (1855):

“Art. 1. Decláranse en estado de venda (...) tódolos predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes:

Ó Estado. Ao clero. Ás Ordes Militares (...). Ás confrarías, obras pías e santuarios (...).

Aos

propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrucción pública e calesquera outros pertencentes a mans mortas xa estean ou non mandados vender por leis anteriores”.

Doc. 4.-O historiador Josep Fontana exprésase do xeito seguinte:

“¿Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvalo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse”

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes documentos serven de base para a realización dunha composición sobre a desamortización, que xunto con outras medidas (abolición do réxime señorial, desvinculación dos morgados...) conforman o que podemos considerar en conxunto a reforma agraria liberal. Os tres primeiros documentos explicitan o tipo de bens afectados por cada medida desamortizadora, e o primeiro deles expón os obxectivos que se pretenden acadar. Os dous últimos textos son valoracións do proceso desamortizador no seu conxunto feitas na época actual por historiadores, que deben axudarche a facer un balance do mesmo, pois o primeiro deles (Doc. 4) céntrase nos resultados sociais da desamortización, mentres o segundo (Doc. 5) atende sobre todo aos efectos financeiros e económicos.

***Proba de Acceso a Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de xuño de 2004.**

DOC. 1. DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL (1836).

Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhechar a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade [...], crear una copiosa familia de propietarios [...].

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas.

DOC. 2. DESAMORTIZACIÓN DE ESPARTERO (1841).

Art. 1.º Todas as propiedades do clero secular [...] son bens nacionais [...].

Art. 3.º Decláranse en venda todas as terras, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías».

DOC. 3. DESAMORTIZACIÓN DE MADZO (1855).

Art. 1.º Decláranse en estado de venda [...] todos os predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: ao Estado; ao clero; ás Ordes Militares [...]; ás confrarías, obras pías e santuarios [...], aos propios e comúns dos lugares; á beneficencia; á instrución pública e calquera outros pertencentes a mans mortas, xa estean ou non mandados vender por leis anteriores».

FINCAS	
Una casa sita en esta corte, calle del Obispo, n.º 25, mans. 100, que tiene de área 600 pies cuadrados.	150.000
Otra sita en el calle Angosto de Meléndez, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 720 pies cuadrados.	200.000
Otra sita en el calle del Infante, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 1.000 pies cuadrados.	300.000
Traspaso del Sr. D. Emilio Serrano y Alzaga.	
FINCAS	
Otra sita en esta corte, calle del Obispo, n.º 25, mans. 100, que tiene de área 600 pies cuadrados.	150.000
Otra sita en el calle Angosto de Meléndez, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 720 pies cuadrados.	200.000
Otra sita en el calle del Infante, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 1.000 pies cuadrados.	300.000
Traspaso del Sr. D. Emilio Serrano y Alzaga.	
FINCAS	
Otra sita en esta corte, calle del Obispo, n.º 25, mans. 100, que tiene de área 600 pies cuadrados.	150.000
Otra sita en el calle Angosto de Meléndez, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 720 pies cuadrados.	200.000
Otra sita en el calle del Infante, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 1.000 pies cuadrados.	300.000
Traspaso del Sr. D. Emilio Serrano y Alzaga.	
FINCAS	
Otra sita en esta corte, calle del Obispo, n.º 25, mans. 100, que tiene de área 600 pies cuadrados.	150.000
Otra sita en el calle Angosto de Meléndez, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 720 pies cuadrados.	200.000
Otra sita en el calle del Infante, n.º 10, mans. 100, que tiene de área 1.000 pies cuadrados.	300.000

BOLETÍN OFICIAL COA PÁXINA DA DESAMORTIZACIÓN DE 1836.

DOC. 4. ANÁLISE DA DESAMORTIZACIÓN DE FRANCISCO TOMÁS Y VALIENTE.

En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras «mans mortas» non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado [...].

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada [...]. Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro.

O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente enxuza a desamortización.

DOC. 5. ANÁLISE DA DESAMORTIZACIÓN DE JOSEF FONTANA.

Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvado da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse.

O historiador Josep Fontana valora a desamortización



Desamortización

11. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril

- Como no resto de Europa o **téxtil** (industria pioneira en España) e a **siderurxia** foron sectores dinámicos na nacente industria.
- A estas súmanse **outras de menor peso**, herdanza da tradición artesanal e dos vellos obradoiros.
 - Moenda de gran e fabricación de papel nos **muíños**, os cales se modernizaron lentamente (ao inicio do século XX só ¼ parte se movía con gas ou vapor).
 - **Industrias derivadas da explotación agraria** (aceite de oliva, viño, licores, etc.). Durante a segunda ½ do século XIX destaca o investimento estranxeiro (Domecq, Osborne, Garvey, etc.).
 - A **industria mecánica** tivo pouco peso, localizada no País Vasco e Cataluña para fabricar maquinaria para as industrias téxtiles, material ferroviario ou estaleiros.
- Este **desenvolvemento industrial presenta enormes desequilibrios rexionais**, convivindo zonas insutrializadas e urbanizadas con outras atrasadas e rurais.

- En todo caso, España presentou un desenvolvemento industrial tardío e incompleto.
- Factores que lastran o desenvolvemento:
 - Feble mercado interior → baixas rendas campesiñas (maior parte da poboación) e, polo tanto, baixa demanda.
 - Falta de burguesía emprendedora que invista capital (rendistas).
 - Carencia de capital. O pouco que hai se destina a comprar máis terras e non en investir nas que xa se posúen.
 - Dependencia tecnolóxica e enerxética do exterior (potencias europeas).
 - Procesos políticos convulsos e inestables → non son propicios para o desenvolvemento industrial.

- 1. Cataluña

- Constituíu a **principal potencia industrial de España** → a forza da **industria téxtil** propicia a diversidade industrial noutros sectores: metalurxia, química, etc.
- A finais do século XIX toman forza industrias como a papelería e editorial (periódicos, impresión de libros, etc.) e industria agraria.
- Cataluña **conta con ampla man de obra e ten unha burguesía con mentalidade empresarial** (emprededora). A isto súmanse as medidas proteccionistas (por exemplo, a industria téxtil inglesa non compite coa catalana a nivel interno polos aranceis proteccionistas).

- 2. Andalucía e Levante

- Inicio temperán da industria na siderurxia e no textil, pero non tivo continuidade → os esforzos reorientáanse cara o sector agrario.
- En **Andalucía** destaca a industria siderúrxica (fornos de Málaga e Marbella) que remataron por ser pouco competitivos debido ao uso de carbón vexetal (vs. o mineral, que é máis eficiente)

- 3. Asturias e País Vasco

- A **siderurxia e as explotacións mineiras son sectores clave** na industrialización.
- No **caso Asturiano** → concas carboníferas (protexidas polo Estado) dan lugar aos altos fornos Duro Felguera.
- O prezo de explotar as cuncas era elevado, polo que non era competitivo en comparación co carbón inglés.
- No **caso vasco**, a **relación con Inglaterra** (2ª Revolución Industrial) **foi clave** → intercambio de ferro vasco (minas somorrostro) por carbón galés.
- A **siderurxia vasca** coñeceu grande expansión a partir de 1871 con empresas que foron orixe dos **Altos Hornos de Vizcaya**.
- Todo isto tivo como consecuencia a **potenciación do sector naval** (estaleiros) e a **industria de explosivos** (para as minas).
- A presenza de sectores moi demandantes de capital (grandes industrias) → favorece a **creación dun sector financeiro potente** (Banco de Bilbao, Banco de Vizcaya).

- 4. Galicia

- A **industrialización é pobre** debido á forte competencia doutras zonas (País Vasco, Cataluña).
- O **liño** é unha materia prima fundamental, pero non resistiu a introducción do algodón.
- Destacan as industrias **conserveiras de peixe** e, en menor medida, a **construcción naval**.
- É **destacable o papel da industria hidroeléctrica**, que aproveita as particularidades das redes hidrográficas galegas.

- Outro elemento que hai que ter presente é o **mercado interior** → lexislación do **Estado Liberal aboliu os obstáculos legais contrarios á libre circulación de produtos e bens**:
 - Supresión de aranceis internos
 - Unificación de pesos e medidas.
 - Mellora das vías de comunicación para conseguir a integración do mercado interior (facilidade de intercambio de materias primas e bens no Estado).

- A introdución do **ferrocarril** en España → símbolo do progreso e modernización, pero foi tardía.
- Comparativamente, o primeiro ferrocarril de viaxeiros en Inglaterra funcionou en 1830. En España, en 1848 (Barcelona - Mataró).
- En **1855** → **lei xeral de ferrocarrís** regula o proceso de adxudicación da construción e explotación dos tramos de vía → potencia o investimento neste sector tanto de capital interior como extranxeiro.
- Un dos obxectivos da desamortización de Madoz perseguía a obtención de recursos para financiar a construción do ferrocarril.
- Elementos principais:
 - Deseñouse cun **trazado radial desde Madrid cara a periferia**.
 - **Ancho de vía maior que o europeo** derivado das características orográficas do terreo (zonas escarpadas, montañas, etc).
 - A diferenza do ancho de vía respecto a Europa ocasionou impacto económico negativo.
 - A **explotación e construción das vías** podía ser realizada polo Estado ou por compañías privadas.

- O Estado concedeu vantaxes aos inversores privados → facilita a construción.
- Financiamento do Ferrocarril:
 - 1) Subvencións estatais.
 - 2) Capital de accionistas.
 - 3) Líquido das obrigacións que emitían as propias compañías ferroviarias.
- Fases da construción:
 - 1) **antes de 1855** → 440 quilómetros repartidos en **Barcelona, Madrid e Asturias**.
 - 2) **1855-1865** → **bo ritmo de construción** por apoio estatal e investimento estranxeiro (franceses principalmente).
 - 3) **1866- 1876** → **Paralización da construción** de novas vías porque non se produciron os beneficios esperados, debido ao atraso xeral do país (especulación na construción, creba do sistema bancario, caída de prezos e déficit nos orzamentos).
 - 4) **1877-1895** → **relanzamento da construción** ferroviaria realizada polas grandes compañías que explotaban as concesións.
 - 5) **1896-1936** → **continuou a tendencia anterior** pero con moita lentitude.

- En todo caso, o papel do ferrocarril a nivel económico en España é discutido polos historiadores:
 - Uns defenden que o impacto foi positivo porque nun país con dificultades orográficas, o ferrocarril permitiu a comunicación interior e facilitou o transporte de mercadorías.
 - Outros defenden que os efectos foron menores dos que cabería esperar porque as malas regulacións estatais favoreceron a importación de material ferroviario do estranxeiro, o que perxudicou enormemente o desenvolvemento do sector siderúrxico español.

Doc. 1.-En 1843, Jaime Balmes expoñía a escasa capacidade da capital do Estado para servir de motor do desenvolvemento económico español:

“Cabalmente temos en España un atranco gravísimo que inflúe máis do que se cre en paralizar o noso desenvolvemento e en facer inútiles os mellores desexos. A vida de España está nas extremidades; o centro está exánime, fraco, frío, pouco menos ca morto. Cataluña, as provincias Vascongadas, Galicia, varios puntos do mediodía, ofrécennos un movemento, unha animación da que non participa o corazón de España. Londres é digna capital da Gran Bretaña, París, de Francia; na actividade, na vida da que rebordan aquelas cidades vedes as indispensables condicións da cabeza dun gran corpo. En Madrid e en tódolos arredores a longuísima distancia nada parello atoparedes. Nin agricultura, nin industria, nin comercio”.

Doc .2.-O seguinte mapa amosa as liñas ferroviarias :construídas en España entre 1848 e 1868:



Doc.3.-O historiador Gabriel Tortella valora así o esforzo industrializador na España do século XIX:

“Hai no século XIX español un número elevado de esforzos a prol da modernización do país. Por unha banda temos os esforzos privados da clase empresarial catalana por crear unha base industrial no principado. Por outra están os repetidos intentos progresistas por sentar as bases políticas e lexislativas dunha sociedade moderna, é dicir, industrializada e tecnificada. O século XIX non foi en España de absoluto estancamento: en Cataluña, e en especial en Barcelona, desenvolveuse unha notable industria; o país levou a cabo a desamortización e a construción da rede ferroviaria; reformouse a educación, o sistema monetario e bancario, os impostos; instituíuse definitivamente o orzamento; sentáronse as bases da industria siderúrxica, etc. Pero en total a tan cacarexada revolución industrial non tivo lugar”.

12- Movemento Obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)

- A **Sociedade de clases** nace no contexto da Industrialización e o capitalismo e implicou conflictividade.
- Esta **conflictividade** deu orixe a novas organizacións para conseguir melloras salariais e laborais para a clase traballadora.
- O conxunto destas actividades chámase **movemento obreiro**.
- 1868 xurde este movemento por influencia da Primeira Internacional (organización creada co fin de potenciar a unión e loita dos traballadores pola súa emancipación en todo o mundo).
- Que **precedentes** existiron?
 - Dende **1839 autorizouse aos traballadores a loitar por melloras** salariais e reducións nas xornadas laborais → Asociacións de socorro mutuo, regulación do traballo, caixas de resistencia, cooperativas de axuda e montepíos (para facer fronte a enfermidades, despedimentos ou mortes).
 - En **1844 o goberno suprime esta lei** e en 1887 volve a legalizarse.

- Os partidos **progresista e demócrata** apoiaron as demandas obreiras, pero o **republicanismo** foi a tendencia máis identificada con elas ata 1874.
- **Despois desta data de 1874** (fin da Iª República), os obreiros sentíronse defraudados coa política tradicional → esta constituía unha ferramenta da burguesía.
- **Cal foi a alternativa política?** → as novas ideoloxías revolucionarias que tiveron forte repercusión nos movementos sociais: o **Anarquismo** e o **Socialismo marxista**.

1. Anarquismo

- O fundador do Anarquismo foi **Mijaíl Bakunin**.
- Principios que segue:
 - Abolición do Estado e de calquera autoridade.
 - Abolición da propiedade privada e das diferencias socioeconómicas.
 - Organización en comunas autónomas onde o principio de autoridade fose substituído por acordos libres entre os seus habitantes.
 - Quen realiza estas transformacións? Os traballadores.
- Foi a **ideoloxía obreira máis influínte na Restauración**, e foi introducida no Sexenio Democrático polo italiano **Guiseppe Fanelli**, discípulo de Bakunin.
- Na etapa da Restauración **centráronse na captación de seguidores e na acción terrorista**, polo que foron clandestinos e perseguidos.
- A **maior difusión** dase durante a rexencia de M^a Cristina de Habsburgo (viúva de Alfonso XII), sobre todo entre o **campesiñado andaluz e os obreiros cataláns**.

- Un rasgo destacable é a súa **división a nivel interno**:
- Uns defenden os principios **antiautoritarios e colectivistas**, e outra **corrente** máis **extremista que defendían os atentados** contra os intereses e personaxes das clases dominantes.

a) **Colectivistas antiautoritarios:**

- Crean a **Federación de Traballadores da Rexión Española** → posteriormente chamada **Federación de Resistencia ao Capital**.
- Entre as federacións a nivel local destacou a **Solidaridade Obreira** e despois da Semana Tráxica de Barcelona, creouse a **Confederación Nacional do Traballo (CNT)**. Os sectores máis radicais da CNT fundaron a **Federación Anarquista Ibérica (FAI)**.
- Que foi a Semana Tráxica de Barcelona? → Se conoce con el nombre de **Semana Trágica** a los sucesos acaecidos en Barcelona y otras ciudades de Cataluña entre el 26 de julio y el 2 de agosto de 1909. El desencadenante de estos violentos acontecimientos fue el decreto del gobierno de Antonio Maura de enviar tropas de reserva a las posesiones españolas en Marruecos, en ese momento muy inestable, siendo la mayoría de estos reservistas padres de familia de las clases obreras. Los sindicatos convocaron una huelga general.
-

b) sector máis radicalizado:

- A organización de carácter secreto é **A Man Negra**, á cal o Estado reprime duramente mediante aplicación de penas de morte.
- [A Man Negra](https://www.youtube.com/watch?v=w9M07RSReOA) (vídeo) → <https://www.youtube.com/watch?v=w9M07RSReOA>

2. Socialismo


- Os **socialistas** defendían a **loita de clases** realizada polo proletariado → organizado en **sindicatos e partidos políticos obreiros**.
- **Cal é o fin?** Consquistar o poder e impoñer medidas de forza para ter condicións de vida igualitarias.
- En España, **Pablo Iglesias impulsa o Partido Socialista Obrero Español (1879)** → partido legalizado por Sagasta en 1881 e defensor dos dereitos do proletariado.

- Tamén se legaliza a **UXT (Unión Xeral de Traballadores (1888))**.
- Hai que ter en conta que ata 1887, toda asociación de traballadores era delituosa, pero a **lei de Asociacións** dese ano recoñeceu a liberdade sindical.
- Entre o partido (PSOE) e o sindicato (UXT) existía unha estreita independencia, pero ambas contribuíron á fundación en París da **Segunda Internacional** (pasan a ter máis protagonismo os partidos obreiros de cada país) → declara o **Primeiro de Maio** como día da clase obreira.
- O crecemento do Socialismo foi lento, e a finais do século XIX só estaba ben implantado en Madrid, Biscaia e Asturias.
- Xa no século XX prodúcese **Terceira Internacional Comunista (1919)** → provoca intenso debate sobre se seguir o modelo soviético (Revolución Rusa).
- Unha parte dos socialistas escindíronse e formaron o **Partido Comunista de España (PCE)**, froito da fusión do Partido Comunista Español e o Partido Comunista Obreiro Español.

- A terceira vía ou modo para conseguir esas demandas obreiras foi o **sindicalismo católico**.
- En que se basea? → “**doutrina social da Igrexa**” formulada na encíclica Rerum Novarum («Das cousas novas» ou «Novas realidades») do Papa León XIII.
- Esta bula intentou **contestar ás novas demandas e contextos froito da Revolución Industrial** e ofreceu unha resposta contra o ateísmo de socialistas e anarquistas.
- **Consencuencia** → creación de sociedades obreiras desde unha óptica cristiá co fin de contrarrestar o avance das outras correntes (socialista e anarquista).
- **Destacan** → Sociedade Católica dos Ferroviarios Españois, o Sindicato Católico Obreiro de Mineiros Españois, o **Consello de Corporacións Católico-obreiras e a Federación Nacional de Sindicatos Católicos** → defenden a colaboración de clases e pretenden lograr a concordia social que defendía a Igrexa.

- Globalmente:
 - Incremento de prezos.
 - Escaseza de produtos.
 - Impostos sobre o consumo (non proporcional).
- Derivarón en motíns e revoltas → a **actitude do Estado foi variando** dependendo de quen gobernase. Evoluciona dende unha postura negativa a outra máis tolerante.
- **Recoñécense unha serie de dereitos aos traballadores**, pero sempre houbo unha **forte vixilancia e emprego da forza** mediante o exército e a Garda Civil para sofocar os levantamentos (sobre todo no **Primeiro de Maio**).
- [Movemento Obreiro en Europa](https://www.youtube.com/watch?v=BdsfLzHBZmM&t=203s)
<https://www.youtube.com/watch?v=BdsfLzHBZmM&t=203s>

EL MOVIMIENTO OBRERO ECONOMIA Y SOCIEDAD



Doc. 1. En setembro de 1855, El Eco de la Clase Obrera publicaba a seguinte petición ás Cortes:

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara á súa ruína. Os salarios minguan... As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ao taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: o dereito de ASOCIARNOS... Hoxe concédesenos só para favorecernos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres...”

Doc. 2. Mensaxe enviado polas asociacións obreiras de Cataluña ó Terceiro Congreso da Asociación Internacional de Trabaxadores de Bruselas (1868)

“Encadeadas despois de longo tempo por un poder despótico, as sociedades obreiras de España envían un saúdo cordial ós seus irmáns do resto de Europa. O momento presente non é moi favorable ás asociacións. Non obstante,... en Cataluña e en Andalucía as asociacións obreiras desenvólvense pouco a pouco... Os obreiros españois están dispostos a loitar cos seus irmáns contra esa formidable asociación do Exército, do Trono e do Altar, para establecer ao fin, sobre bases sólidas, a paz, a xustiza e o traballo”.

TEXTO. 3. Lei de accidentes de traballo publicada na Gaceta de Madrid o mércores 31 de xaneiro de 1900.

“A tódolos que a presente viran e entenderan, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte:

Artigo 1o. Para os efectos da presente lei, enténdese por accidente toda lesión corporal que o operario sufra con ocasión e a consecuencia do traballo que executa por conta allea.

Art. 2o. O patrón é responsable dos accidentes ocorridos aos seus operarios con motivo e no exercicio da súa profesión ou traballo que realicen.

Art. 4o. Os obreiros terán dereito a indemnización polos accidentes indicados no artigo 2o, que produzan unha incapacidade de traballo absoluta ou parcial, temporal ou perpetua.

Art. 5o. Se o accidente producise a morte do obreiro, o patrón queda obrigado a sufragar os gastos de enterro, non excedendo estes de 100 pesetas, e ademais a indemnizar á viúva, descendentes lexítimos menores de dez e seis anos e ascendentes”.

- Ver vídeo:
- <https://www.youtube.com/watch?v=BdsfLzHBZmM&t=203s>

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o movemento obreiro en España desde as súas orixes ata a crise da Restauración. Estructurando libremente a túa composición á luz dos documentos, e tendo en conta a súa contextualización, debes atender cando menos aos seguintes aspectos: razóns e reivindicacións obreiras, formas de organización e loita, e caracterización ideolóxica das principais organizacións obreiras.

*Proba de acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 2 de xuño de 2007.



FÁBRICA DE TABACOS DE CORUÑA.

DOC. 1. O LUDISMO EN GALICIA.

A mediados do século XIX a principal fábrica en Galicia era a Fábrica de Tabacos da Coruña, onde houbo varios episodios de loita obreira, entre eles a destrución das máquinas.

O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade (A Coruña).

Parece que, no canto dos cigarros que antes se facían nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferente feitura e [...] crearon un taller de pitos cunha máquina para picar o tabaco. Como ambas as operacións son novas, non se prestan nin acomodan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que apenas sacan a terceira parte do xornal que adoitaban [...]. Alporizáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruíndo todo o tabaco [...], romperon e fixeron anacos as máquinas novas [...], tirándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nos cuartos do director.

El País, Diario de Pontevedra, 13 de decembro de 1857.

DOC. 3. O MEDO AO MOVEMENTO OBREIRO.

Neste artigo advirtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT).

Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ao cidadán humilde e ao elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ao traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ao goberno, á economía política; e en fin, a todas as entrañas da vida da humanidade.

¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes que teñen os seus intereses morais e materiais ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo ao que empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros [...], poliglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional.

La defensa de la Sociedad, setembro de 1872.

DOC. 2. PETICIÓN OBREIRAS.

Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara á súa ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e dos cuartos é máis alto. As crises industriais sucedéense. Temos que [...] mandar ao taller as nosas donas con prexuzo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vós. Non pretendemos que ataqueades a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que mateades a concorrencia, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorremos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedimosos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe concédesenos só para favorecernos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédesenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurar os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses.

El Eco de la clase obrera, setembro de 1855.

DOC. 4. A CRISE DE 1917.

Manifiesto conjunto da UGT e da CNT onde propoñen a folga xeral, que sería convocada definitivamente en agosto do mesmo ano.

O proletariado organizado chegou así ao convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión General de Trabajadores e os da Confederación Nacional del Trabajo acordaron por unanimidade: Primeiro: [...] co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorsas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, impoñe que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos.

Manifiesto conjunto da UGT e da CNT, marzo de 1917